

Pulsión narrativa

Retorna ao xénero dos relatos curtos o poeta e narrador vigués Fran Alonso, no que se internara por última vez co seu *Cemiterio de elefantes* (1994). No medio e medio a voz narrativa de Alonso foi a máis, adquirindo unha liña ascendente tanto en esforzo creativo coma en interese para os lectores, como ben testemuñan os seus *Males de cabeza* (2001), *Territorio ocupado* (1998) ou *O brillo dos elefantes* (1999), entre algunhas outras. E chega, tamén, este libro tras o indiscutible éxito que supuxo e supón a súa escolma de poesía galega contemporánea publicada baixo o título *Poetízate* (2006).

Estas *Cartas de amor* representan, que saibamos, a primeira aproximación ao xénero do relato curto constrinxido ou coutado por un molde epistolar, aspecto que lle outorga unidade ao volume e onde achamos tanto cartas de formato máis convencional como aquelas que se compoñen por correo electrónico. Dunha ou doutra maneira Alonso gobiñase con pericia e habilidade neste ámbito: as cartas exhiben de seu un ton confesional, marcado pola veracidade e a sinceridade, que aquí se reaproveita con fortuna sen agochar unha diáfana intención interviniente; as cartas permiten, segundo a súa extensión, sintetizar a vida e a situación concreta –anímica, física, histórica, social...– de cada un dos personaxes..., cartas, en fin, que se de amor se chaman non é polo seu suposto carácter “sentimentalista” senón porque as situacións, as vivencias, as experiencias, as espe-

Silencio, esquecementos, memoria



RAMÓN NICOLÁS

recorrente confianza no futuro, no retorno da luz que permita saír dos pozos negros.

Pozos, por certo, protagonizados por un perfil feminino en todos os casos, porque no libro semellar pairar a férrea vontade de expoñer, desde a ficción, a memoria dalgúns dos oprobios e aldraxes sufridos pola muller. E non son doces, practicamenteiras ou asépticas as situa-

nesa concepción da súa propia obra creativa como un macrotexto que vai medrando e no que as interaccións dos personaxes, as súas reaparicións, a presenza de numerosas citacións, palabras reinventadas ou versos, citados ou non explicitamente, constitúen un atractivo engado; como, entre outras, a referencia ao programa radiofónico chamado “Almas perdidas”, presente xa noutras pezas anteriores de Fran Alonso.

Este libro iníciase cunha citación da extraordinaria poeta italiana Alda Merini, candidata a o



cións nas que Alonso mergulla estas mulleres: case que todas viviron ou alentan situacións absolutamente extremas, por non dicir dramáticas: pobreza, inmigración, prostitución e explotación sexual, convencións sociais, conflitos bélicos, as barreiras tanxibles da integración social..., e todo isto no noso tempo, porque Alonso é escritor do noso tempo situándonos nunha lagarxa diversidade de espazos xeográficos que nos conducen de Cabo Verde a Saraievo, de Filipinas a Galicia, de Bagdad aos campamentos de refuxiados...

Por se fose pouco, neste volume o autor incide

Nóbel e dona dunha voz que conxuga espiritualidade, intimismo e visión certa da realidade. Naquelas liñas que son un portón a este libro Merini fala de cartas, silencio, esquecementos e memoria. Tamén disto se atopará nestas *Cartas de amor*: ninguén sairá indemne tras a súa lectura.

ALONSO, Fran, *Cartas de amor*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 122 páxinas

ESTAS CARTAS DE AMOR EXHIBEN DE SEU UN TON CONFESIONAL, MARCADO POLA VERACIDADE

ranzas que nestes nove relatos chegan a deseñarse beben, aló lonxe e na súa orixe, destas fontes, as do amor e as do desamor. Nelas atoparase dor, e ao tempo tolemia, homes e mulleres de existencia clandestina, revelacións que por veces se converten en epifanías, penalidades, violencia, fuxidas, espazos inhóspitos..., mais tamén